

OS OLLOS DE VIDRO E A SÚA FORMA DE MIRAR

I

O título destas notas tráenos, de maneira espontánea e á caída, ecos referentes ao extraordinario conto de Castelao Un ollo de vidro, onde o personaxe podía presumir da eficacia que o tal ollo ofrecía unha vez morto; pois mentres os demais finados, por mor de gastar na ocasión caveiras de órbitas baleiras, andaban desorientados, el, que en vida contemplaba o mundo só desde unha banda e coa sombra do nariz insistindo pola outra, sen embargo no pasamento, grazas a aquel ollo de cristal resistente aos vermes, ía ser no alén, e esta vez sen a porfía do nariz, o rei do espectáculo dos esqueletos.

Tal suceso non vén totalmente ao caso, xa que se trataba dun só ollo, dun ollo en singular. E tanto na vida como na morte, ou sexa co ollo de carne ou o de vidro, se o home andara de caza, as lebres, terreaís ou celestiais, zafaríanse sen presa e sen dificultade colándose no tempo pola banda de estribor e na eternidade pola de babor, ou viceversa, segundo choscara o accidente.

Un ollo auténtico, un globo ocular, sopesado ou posto na man despois dunha enucleación cirúrxica, non é frío. É quente, dunha quentura branda e morna. E deixa de ser ollo para ser peza anatómica ou desperdicio. O que significa que se pode gardar nun tarro de formol ou -que sería un xesto de bondade e desinterese ao tempo que unha adecuación harmónica no intercambio ecolóxico-, ofrecerllo en premio á axilidade atenta do gato. Aproveito a ocasión para confesar que esa experiencia, a do ollo na man, foi unha das causas que me alonxaron da miña inicial aproximación á oftalmoloxía.

II

Un ollo en soidade significa ou unha perda, porque falta un deles e polo tanto o home se converte en torto ou chosco, ou literatura mitolóxica co Polifemo diante, ou a consagración máxima da capacidade de ver: o panóptico. O gran devezo de todo ditador sempre foi gozar dun o ollo que o controle tod, que todo o vexa. Unha réplica policial do ollo divino, o ollo inexistente que anda dentro de nós a escudriñar, como un perverso mirón, os máis íntimos goces sen lugar para o agacho. Ise é ollo de Deus da nosa nenez e adolescencia sempre a perseguirnos. Pero agora o que quero é falar non do ollo en

singular, senón dos "ollos" en plural, do par de ollos que xorden de fronte na faciana.

O ollo, os ollos, ollan. Os ollos sempre miran, aínda que non vexan. Míranos. Mesmo os ollos abertos dos cegos ou os dun retrato. Na ocultación dun feito, sabendo invidente á testemuña, comprobámolo cun pase sorpresivo pola cara para que se confirme a carencia de reflexos. Tampouco resulta infrecuente que, poñamos por caso un adulterio, se lle dea a volta ou se tape a foto da persoa enganada, como aquel que pon de cu ó santo para que non saiba dos pecados que andamos a cometer.

III

Estamos a falar da visión binocular coordinada, non da que ten fallos no equilibrio, pois a desharmonía estrábica despista moito. Calquera estrábico é capaz sen querelo de poñernos nerviosos. Como se nós foramos o goberno. E esta sería unha das súas virtudes, a metafórica, en tanto expresión de "mirar contra o goberno". Se a aversión contra o goberno é auténtica, non haberá cirurxía que a cure por moi atinada e científica que resultara a intervención. Así lle aconteceu a un compañeiro de manifestacións que, de ser estrábico converxente pasou a diverxente despois de operarse polo seguro de estudantes que entón tiñamos. E reflexionaba cunha afirmación rotunda: "Agás pola estética que disimulaba mellor antes, agora a mirada contra o goberno responde aos meus profundos desexos: O estrabismo, de ser, que sexa diverxente." E lembro un profesor orgulloso e satisfeito do seu padecemento de extravío ocular. Tratábase dun ollo vago ou cun certo descontrol no seu ollar que non me decido por se as tendencias tiraban cara afora ou cara a dentro, e que utilizaba mesmo como ferramenta de traballo. Así, cando os exames, alardeaba: "Comigo os alumnos van de cachas. Como non adiviñan para onde miro non se atreven a copiar".

IV

Os ollos, sexan cales foran, de persoas, de imaxes, de esculturas, teñen como principal función, na relación interpersoal ou obxecto-persoa, non a de tipo perceptivo, ou sensoperceptiva se queredes, senón aquela que fai do outro, de ti, de min, un obxecto de observación, un obxecto de mirada. Ou sexa, aquela función que converte ó outro, a

min, en obxecto. A voz "mirar" antes de mirar admiraba, asombraba, mesmo estrañaba. Contemplarse nun espello -en francés "miroir"-, pode asombrarnos polo feito da vivencia de estrañeza que produce a experiencia de mirarse de forma persistente. Por iso é que os adolescentes, para salvaren a crise de identidade, necesitan tanto do espello. A veces o espello os engana e os descontrola. Entón botan man dos modelos para mirarse neles, nos videofilmes, nos concertos ou nos "afiches" que colgan nas paredes da súa habitación. Máis adiante volverán ao espello.

V

Os ollos de vidro son os ollos que non ven pero que miran. Son eses ollos, fita que fita, que tanto miran para nós, "que tanto miran para min", como lle acontecía ó fillo do Cachirulo cos do rodaballo do cantar, aquel que roubaran uns mozos da Pobra do Caramiñal. A mirada de fronte é a única mirada posible, a que nos fai ser vistos incluso sen que nos vexan. O perfil desfai a mirada porque o rostro *gestáltico* de Spitz nese ángulo tórnase inexistente.

A mirada fixa, a que se crava como un ferrete, ese fitar que se expresa con "non nos quitan ollo de encima", realmente está a dicir que o ollo e o outro ollo, que ambos os dous ollos, están a perseguirnos. Un observar en constante movemento detrás dos nosos pasos. Esa é a mirada do outro que precisa ter obxectos que mirar. Entón non é fixa aínda que se fixe. E se se aprecia tal coñecemento non será polo o outro senón por min, por este eu que mira e ve que o outro mira. Alerta ante a mirada do outro malia que estea pendurado duna parede e non se mova do marco. Así ocorre coa mirada un chisco de esguello da Gioconda, co seu eterno sorriso emocional, ese que se capta nos ollos e non na boca, que os beizos poden ficar en mero aceno ou "sorriso de subsecretario", denominado tamén, en parámetros da actividade nerviosa central, sorriso motriz ou piramidal.

E as mulleres de Picasso ou as de Luís Seoane, a se amosaren xenerosas de fronte e de perfil, que miran e se deixan mirar sen que elas fagan o máis mínimo xesto de agresión, e se deixan guiar polos que andamos a gozalas. Non así as caras pantocráticas da arte bizantina e románica, simétricas e sen perspectiva, sempre acosando e acusadoras.

Sendo cativa, a miña filla se tranquilizaba coa compañía dunha muller sentada de Seoane. Sentíase "atendida" pola mirada atenta daquela figura frontal, por aqueles ollos que cariñosamente a seguían nos seus xogos polo cuarto adiante, sen se mover do cadro.

A relación dual da mirada, a relación imaxinaria, só se aguanta se é de amor ou de loita. A nai reflexa no seu rostro os sentimentos do fillo. O fillo se ve a si mesmo na cara da nai, como se estivera a mirarse nun espello (Bettelheim). O fillo nos ollos da nai. Unha contemplación que fai que ela sexa el, e el ela. Mirada dual, especular e imaxinaria sempre presente ao longo da nosa existencia. De aí o dinamismo e a vida que adquire calquera forma á que se lle engada un par de ollos.

É a mirada a que nos fai ser, que nos fai como Ser. Os ollos do outro, aínda que este sexa un boneco, ou varios, trasládanos á inequívoca ambigüidade do único outro existente que son Eu.